

Código do documento	Código do expediente
UPO17101YN	UPO/2022/105
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 4H1P 5I56 0958 100J 0040	

MNR

Publíquese o seguinte anuncio no BOP:

**Lista provisional dos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo Profesor de fruta do conservatorio municipal de música, administración especial, subescala técnica, persoal laboral fixo, polo procedemento de oposición do Concello de Culleredo**

Por resolución da concelleira delegada de cohesión social, recursos humanos e réxime interior de 14/09/2023, resolveuse o seguinte:

**"Primeiro.-** Aprobar a lista provisional das/dos aspirantes admitidas/os e excluídas/os provisionalmente do proceso selectivo "Profesor de fruta do conservatorio municipal de música, administración especial, subescala técnica, persoal laboral fixo, polo procedemento de oposición do Concello de Culleredo", de acordo co seguinte detalle:

ADMITIDO/A		
APELIDOS E NOME	DNI	EXENCIÓN EXAME GALEGO
PADÍN BLANCO, PAULA	***875***	SI

EXCLUÍDA/O PROVISIONALMENTE			
APELIDOS E NOME	DNI	EXENCIÓN EXAME GALEGO	MOTIVO DE EXCLUSIÓN
RAMOS SÁNCHEZ, VICENTE	***236***	NON	Non acredita formación pedagóxica e didáctica

C.I.F. P-1503100-H

**Segundo.-** Os aspirantes excluídas/os provisionalmente disporán dun prazo de 10 días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación da lista provisional de admitidas/os e excluídas/os provisionalmente no Boletín Oficial da Provincia para poder corrixir, no seu caso, o defecto que motivase a exclusión.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 124.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Código do documento	Código do expediente
<b>UPO17I01YN</b>	<b>UPO/2022/105</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4H1P 5I56 0958 100J 0040	

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses.”

O que se publica aos efectos do disposto no punto 4.1 das bases específicas desta convocatoria.

Culleredo, á data da sinatura dixital

A concelleira delegada de cohesión social,  
recursos humanos e réxime interior  
(asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H

PD (Resolución 1260 de 04/07/2023,  
BOP num. 131 de 11/07/2023)